

Libros

Robert Kagan, “Poder y debilidad”, Taurus, Madrid 2003, 156 páxinas.

O columnista e escritor estadounidense, Robert Kagan, reflicte neste ensaio a cara máis visible da realidade internacional que estamos a vivir actualmente, prestando especial atención á xustificación do unilateralismo estadounidense, presentado como unha necesidade xurdida a partires da debilidade amosada polos europeos. Segundo as súas palabras, o vello continente escapa do seu pasado sanguento rexeitando a violencia e protexéndose baixo o escudo da potencia benevolente. No pasado, os Estados Unidos apoiaron e defenderon a Europa nos seus conflitos, e lembra que nin a Sociedade de Nacións nin a Organización de Nacións Unidas existirían sen a súa iniciativa. Polo que se ve, para Kagan, a URSS nunca existiu.

O esencial do discurso presentado por Kagan ó longo do libro fai fincapé en tres cuestións claves para analizar o papel das dúas partes na nova orde internacional. En primeiro lugar, podemos falar do poder dos Estados Unidos, poder que o autor simboliza nunha próspera economía, nunha cidadanía xoven e cosmopolita e, sobre todo, e como non podía ser doutro xeito, nun potencial armamentístico brutal e incomparable, moi superior ó de calquera outro país do mundo. Con estas tres características principais revestidas dun verniz de solidariedade e altruísmo, Estados Unidos tenta dotar de lexitimidade as súas accións.

Por suposto, as súas afirmacións poden ser, cando menos, matizadas. No tocante á economía, sen discutir as súas dimensións, si habería que dicir que leva tempo coxeando, que o dólar está por debaixo do euro e que a ampliación de Europa pode supoñer a aparición dun rival á súa altura, por non falar da emerxencia asiática. A xuventude da súa cidadanía ninguén a discute pero esta débese na súa maior parte ó efecto migratorio, que non é exclusivo dese país. O do altruísmo e a boa vontade pode rozar o cinismo e queda a criterio de cada un.

Directamente relacionado coa cuestión armamentística está outro factor importante que é o da debilidade europea. Segundo o autor é debida case exclusivamente á súa inferioridade militar. Kagan mantén que Europa prefire ser defendida pola superpotencia que defenderse ela mesma. ¿Ata que punto isto é así? É certo que Europa, ese vello e maduro continente, apostou por unha política de calma e sosego, pode, como afirma Kagan, que polo esforzo pasado, ou simplemente por unha cuestión evolutiva. Por unha ou outra razón, os europeos deixaron facer ós norteamericanos, o seu simbólico papel na defensa mundial limitouse case con exclusividade ás contribucións económicas que Estados Unidos administraba. Quizais sería diferente se as voces que propoñían un exército europeo e unha política de defensa común serían realmente escoitadas e apoiadas.

Sen embargo, hai outras implicacións, non só o rexeitamento da cidadanía europea a comprometer grandes recursos en proxectos belicistas, senón tamén á división que no propio continente suscita o tema, ademais do aliñamento de certos "europeos" coa outra beira do Atlántico.

Estados Unidos, ese novo, belicoso e inconsciente país ten ese aire de comerse o mundo que caracteriza a xuventude e a inmadurez, a prepotencia de quen sabe que non será castigado faga a falcatrada que faga. O preocupante é que os seus "xogos" afectan a todos e que derivan en abuso e subversión da legalidade internacional.

Kagan salienta que unha vez rematada a Guerra Fría o inimigo comunista que mantivera unidos ós dous bandos se desvaneceu e que a ameaza do presunto inimigo islámico non é contemplada coa mesma apreciación de perigo por americanos e por europeos.

Unha das frases impactantes que resumen o pensar do autor é a de que os estado-unidenses deberían deixar que a nostalxia das que seguramente foron circunstancias insólitas da Guerra Fría os poidan levar a engano no tocante á natureza da súa relación coas potencias europeas na era posterior.

María del Mar Gómez.

Daniel Pereyra, "Argentina rebelde. Crónicas y enseñanzas de la revuelta social", Ediciones El Viejo Topo, España 2003, 354 páxinas.

Unha análise profunda das causas que levaron ó estoupido social na Arxentina e á caída do goberno de Fernando de la Rúa en decembro de 2001 a constitúe o libro do xornalista Daniel Pereyra, *Argentina rebelde. Crónicas y enseñanzas de la revuelta social*. Tal rebelión, bautizada como o *Argentinazo*, foi unha resposta ás drásticas medidas económicas impostas na Arxentina durante máis de 20 anos, ó desbordamento da corrupción e a pobreza e mailo mantemento, aínda dentro dun sistema democrático, das sementes da represión propias da feroz dictadura que padeceu ese país entre 1976 e 1983. O libro reivindica o determinante papel xogado pola sociedade civil, manifestado nesa coñecida voz de protesta cara as elites e a clase política: "Que se vaian todos", así como analiza os distintos movementos sociais que teñen xurdido no país dende mediados da década dos noventa, sendo o dos *piqueteiros* o máis completamente estudado e documentado.

Nas vésperas das decisivas eleccións presidenciais do 27 de abril, a crise arxentina e as súas secuelas seguen manténdose en primeira plana. Malia que o goberno de Eduardo Duhalde logrou frear momentaneamente un eventual colapso económico, namentres negociaba agudos acordos de financiamento co Fondo Monetario Internacional, a revolta social que sacudiu o país o 19 de decembro de 2001 –a súa represión provocou 30 mortos e a dimisión do presidente Fernando de la Rúa– segue a estar presente. Esa é a mensaxe que se transluce do libro do xornalista arxentino Daniel Pereyra, *Argentina rebelde. Crónicas y enseñanzas de la revuelta social*, editado por El Viejo Topo en febreiro de 2003.

Pereyra, que se ten destacado polas súas análises da problemática latinoamericana e o seguimento das loitas armadas no continente, mantén a idea de que, por primeira vez na historia do país sureño, os protagonistas dos cambios que se están a vivir na Arxentina proveñen dos cidadáns, xente común e corrente que ten sido sistematicamente enganada, espoliada e excluída por parte da clase política, as elites económicas, os militares e os sindicatos. Esta abrupta resposta social ó caos económico xerado polos programas de axuste e estabilización neoliberalis impostos dende a época de Carlos Menem, só tivo un arma efectiva: a palabra e acción que os millóns de arxentinos manifestaron, a través dos golpes de *cacerolas*, a noite entre o 19 e o 20 de decembro de 2001. Sen embargo, as raíces do descontento social son moito máis profundas e remotas, tal e como escribe Pereyra.

A transición da dictadura imperante no país entre 1976 e 1983 a un sistema democrático non ten sido, para Pereyra, o remedio dos males que sofre Arxentina. As secuelas da enorme represión social e política da dictadura teñen conservado certa continuidade nos gobernos democráticos posteriores. Neste marco desenvólvese a resposta de varios movementos sociais polas súas demandas de traballo, salarios e vida digna. Dende os primeiros síntomas de explosión social aparecidos entre 1988-89, traducidos en saqueos e choques coas forzas policiais, ata os anos de rápida privatización dos bens nacionais durante o período no que gobernou Carlos Menem e o seu ministro de Economía, Domingo Cavallo, así como o nefasto goberno de De la Rúa, impulsor do chamado *corralito* ou conxelación e expropiación das contas dos pequenos aforradores, feito que desencadeou a rebelión popular, o autor documenta con gran claridade os feitos e os seus protagonistas, e revela as causas e consecuencias da actual crise.

Pereyra analiza a natureza e acción dos diversos movementos sociais xurdidos no país dende comezos dos noventa. Cómpre destacar ós *piqueteiros*, que cos seus cortes de vías públicas acurralaron un Estado en desintegración, incapaz de atender as demandas cidadás. Precisamente na acción dunha sociedade civil organizada é que se poden manifestar os cambios necesarios para a Arxentina: asembleas de barrio, veciñais e de traballadores, que teñen cuestionado coa súa aparición o sistema tradicional de representación política e social. Velaí a expresión máxima desta rebelión: o berro de "Que se vayan todos", cos seus golpes de *cacerola*. O libro remata cunhas interesantes reflexións sobre o poder, a sociedade e as alternativas de cambio socio-político.

Agora ben, cara ás eleccións do 27 de abril, ¿cal é a vixencia destes movementos, dos sucesos de decembro de 2001 e do seu lema: "Que se vayan todos"? No escenario político arxentino volve a planear a figura de Carlos Menem, o home acusado de afondar os males que queixan o país dende hai décadas. Ante este panorama, ¿está Arxentina nas vésperas doutra rebelión popular, moito máis crítica ca anterior? ¿Cal é o modelo alternativo de sociedade que xurdirá a partir de agora ou é acaso máis do mesmo? Probablemente, da reacción social para exorcizar as vellas pantasma podería estar a chave da solución de moitos dos problemas da Arxentina.

Roberto Mansilla Blanco.

**Anxo Lugilde, "El drama de la quinta provincia gallega",
Biblioteca gallega, La Voz de Galicia, 2003.**

Anxo Lugilde aborda a situación arxentina dende a adicta paixón que provoca América Latina. Canto menos explicación teñen os fenómenos sociopolíticos que acontecen no país austral, maior devoción profesa pola outra beira do Atlántico. Lémbranos como a outros célebres personaxes da historia tamén lles foi difícil encaixar estas contradicións: *¿Como se pode progresar nun país tan desorganizado?*, cuestionábase Einstein; ou *"O país que destrúen cada día, reponse pola noite"*, formulaba Clemenceau.

Canto máis procure afastarse da esquizofrenia latinoamericana, máis enganchadas se atopan persoas cun fondo pouso humano, capaz de enriquecerse coa ampla gama de sensacións e vivencias que desprende o continente. Atribúese a Borges a frase na que non atinaba a atopar a esencia dos seus compatriotas *"O arxentino é un italiano que fala español, cree que é francés, pero lle gustaría ser inglés"*.

Anxo Lugilde, na súa crónica, con características de ensaio, *El drama de la quinta provincia gallega* acaba por beber das fontes máis reais, máis vivas, máis incuestionábeis: os testemuños vitais dos galegos.

Como tantos outros que chegamos a Arxentina nos tempos nos que xa pintaban bastos, na azarosa partida da súa historia Latinoamericana, atópase un testemuño repetido por boca de tantos galegos que pasaron da miseria galega, á sobreabundancia arxentina, para retornar ao purgatorio da miseria, logo da acelerada depauperación que viviu o país.

Lembro como el fai no seu libro, a miña primeira viaxe a Arxentina, cando despois de pedir unha laranxada ao ancián camareiro dunha afamada cafetería, coñecida como refuxio nocturno de toda a fauna bohemia porteña, contestoume cunha voz penetrada polo inconfundible acento galego. Axiña me dirixín a el para lle manifestar. Ese acento non é arxentino ¿Non si? Efectivamente, pronto saíu o natural desánimo que inunda á maioría da poboación arxentina. *"Cando eu saín de Galicia no ano 50, tirar o pan era un pecado"* —o seu rostro se iluminaba para contar a fartura que daquela vivía Arxentina— *"Ao chegar a Bos Aires quedamos abraiados ao ver no lixo os restos enteiros dos asados, nin sequera eran restos... eran asados sen tocar, os filetes enteiros. Agora acontece ao contrario. As persoas pelexan polo lixo. Así non merece a pena este país. Sen embargo en Galicia agora..."*.

Imaxe repetida que utiliza Lugilde para ilustrar a desfeita arxentina. Coa mestría dunha pluma enxeñosa, que non só vive na inspiración, senón que transmite canta transpiración, canto esforzo, canto traballo de documentación, canta conversa hai baixo a tinta plasmada nas súas letras.

Máis solto que nos seus artigos da voz de Galicia; máis audaz, sincero, crítico e irónico. Ceibado da responsabilidade esixíbel ao notario da actualidade sobre conflitos ou acontecementos sociopolíticos, Lugilde transluce a súa alma sensíbel, máis esperta, máis entregada.

Despois de ler o libro, coñecemos mellor o perfil humano que se agacha tralo correspondente: Crítico no neoliberalismo de Menem, preocupado polo minifundismo das sociedades galegas, mordaz coa política exterior do Goberno Aznar, lacónico co remanso de paz e próspera felicidade que se desprende do programa da televisión española *Galicia para el mundo*, que valora os esforzos da Xunta de Galicia en cuestións sanitarias, adulator da astuta intelixencia de Felipe González que foi quen de virar o interese europeo cara América Latina, e ao tempo citalo como *lobbista* de luxo de Repsol, Telefónica, Endesa, Aguas de Barcelona, BBVA, SCH, tal como aparece no libro *Los nuevos conquistadores* escrito polos xornalistas arxentinos Cecchini e Zicolillo, no que involucran á Casa Real española nas privatizacións.

Os galegos son o pretexto e a razón do libro. O fío conductor que utiliza para seguir o curso da breve historia arxentina postcolonial. É tal a presenza dos galegos no país que cada episodio histórico, que resumida e documentadamente relata, para contextualizar a situación arxentina, aparece transversalmente cruzado pola presenza dalgún galego protagonista relevante da historia do país emprazado á beira do Río da Prata.

Pero o máis conmovedor do seu libro son as testemuñas do drama que viven os nosos paisanos para os que o anhelado soño arxentino tornouse un pesadelo. "*Hai medio século era tres veces máis rico que Galicia, en termos de renda per cápita e hoxe é catro veces máis pobre*".

Non foxe Anxo da frialdade dos datos económicos, pero réalzaos coa inmensa forza do calor humano que desprenden as descarnadas conversas cos galegos apresados pola miseria ou con anécdotas impactantes para a acomodada ollada europea. "*De xantar fideos, de cea un café cunha galleta... este é o menú de milleiros de galegos en Avellaneda*"... "*No 2002 o Goberno de Buenos Aires... aprobou unha lei para regular o traballo das 40.000 persoas que viven de fugar no lixo (cirujear en los tachos)*"... "*Os cans arxentino xa aprenderon a comer pan, e non só osos ou carne*".

Tampouco evita, máis ben ao contrario, documenta cada fase histórica vivida polos emigrantes. No libro reaparecen: o mítico peirao de Vigo, as indignas condicións das travesías, a censura franquista das escenas de dor nas despedidas, a dura e esforzada adaptación ás características do novo mundo, a militancia político-sindical dalgúns, os empresarios de éxito, os galegos que acadaron as máis altas instancias do poder (Bernardino Rivadavia, Raúl Alfonsín, De la Rúa...) os estereotipos e chistes denigrantes de galegos, o holocausto galego na dictadura, o "sin-vivir" das Villas Miseria.

Un libro para documentarse, para atopar claves que permitan descifrar o indescifrible enigma arxentino, para repasar a nosa historia, para estreitar lazos transoceánicos, e sobre todo, para emocionarse.

Laudelino Pellitero.

Roberto Montoya, "El imperio global: George Bush, de presidente dudosamente elegido a aspirante a César del siglo XXI", prólogo de James Petras, La Esfera de los Libros SL, Madrid 2003, 493 páxinas.

Se existise un sistema xudicial que aplicase un dereito internacional no que quedase reducido ao mínimo a lóxica do poder como xustificante das condutas, substituída por un sistema de regras de base moral, este libro de Roberto Montoya representaría as conclusións definitivas e contundentes da acusación contra os Estados Unidos de América. É tan completo e claro que abonda lelo para coñecer unha inmensa masa de datos que andan espallados en innúmeras publicacións, e outros que non é doado atopar en ningunha. A calidade de investigación, asimilación e exposición do autor é tal que ofrece ao lector as máximas garantías de que non vai perder nada esencial dos argumentos desa acusación se le as páxinas de libro, que non son moi poucas, certamente, pero nada en comparanza co océano de datos dispersos en tantos lugares e tantas linguas.

Pois que o sistema xudicial en cuestión non existe, o destinatario do libro terá que ser a conciencia moral, individual, porque só o individuo le, e colectiva no seu momento, por acumulación e reforzo. A opinión pública, en definitiva. E na formación desa opinión tanto o autor como o prologuista, James Petras, profesor de Ética Política na Universidade de Binghamton (Nova York), teñen un papel recoñecido e unha influencia ben marcada. A característica de Montoya é a combinación dunha manifesta militancia co rigor de compilación e exposición dos datos que a xustifican.

Comeza o libro cunha exposición do acontecido nas eleccións presidenciais de 2000, que o autor cualifica de escándalo electoral, e que deixou viciada a lexitimidade política e moral do novo presidente. Nos nove capítulos seguintes, cunha combinación de narración cronolóxica e análise política, vaise pasando revista á agudización do unilateralismo estadounidense, os efectos do ataque do 11 de setembro de 2001 a centros simbólicos e reais do poder dese país, a situación de "intelligence" en que se produciu ese ataque, a reacción en termos de lexislación antiterrorista, a reacción militar contra o réxime dos talibáns en Afganistán, a preocupación enerxética dos EEUU na que se enmarca esa intervención militar, os antecedentes históricos das relacións con Arabia Saudita, a definición do "Eixo do Mal", e a nova guerra contra o Iraq, inminente na data en que foi publicado o libro. Os dous capítulos derradeiros dedícanse á nova doutrina militar da guerra preventiva e ás formulacións estratéxicas e orzamentarias dos Estados Unidos nesa perspectiva.

En cada un deses temas o autor expón o común desenvolvemento dun plan de dominio mundial e cómo ese propósito real preséntase encuberto con xustificacións que xulga hipócritas á luz da realidade presente e dos antecedentes históricos.

Non queda recuncho de información que escape á investigación de Montoya. Por citar un exemplo dunha zona na que isto é máis notábel, podemos referirnos ao capítulo sobre o "fracaso" dos servicios de información. Os pormenores da actuación destes servicios e as tensións entre a CIA, o FBI e o Pentágono aparecen cunha abundancia de

datos e unha breve, pero clara, exposición de antecedentes, que falta noutros traballos sobre ese aspecto. Cumpriría tal vez a comparación cun ben recente de Maria Ryan na revista especializada *Intelligence & National Security*, onde co título "*Inventing the 'Axis of Evil': The Myth and Reality of US Intelligence and Policy Making after 9/11*", esa autora trata o mesmo tema. As conclusións son pouco diferentes das de Montoya, pero este ofrece un panorama moito máis completo da situación. Ryan insiste máis en que o Goberno prescindiu da "intelligence" para inventar o "eixo" e actuar de acordo cun consenso de longa data entre republicanos da dereita. Montoya esténdese, en troques, no tecido de relacións de negocios a alto nivel entre os Estados Unidos, capitalistas do mundo árabe (como a familia de Osama ben Laden) e incluso os Talibáns (para a construción de oleodutos no Afganistán e ata ben pouco antes da intervención armada no seu país), e explica con pormenor e clareza as complicadas ramificacións do asunto. Montoya atribúe gran importancia a este aspecto, adheríndose en xeral ás teses de Brissard e Dasquié, e iso, sen contradicir o que sostén Maria Ryan, desideolóxízao un pouco e explica o trasfondo do "fracaso da intelligence". En verdade non houbo tal fracaso, senón unha decisión de prescindir do que dicían (ou non dicían) eses servizos.

Nese e noutros aspectos do libro cabería estenderse máis do que permite unha breve reseña. Abonde con sinalar que chama a atención en todos eles o completa que é a información. A riqueza de referencias e bibliografía fai posíbel partir desta obra para camiñar polos vieiros da investigación en fontes e publicacións moi variadas, desde o libro de orixe académica ata os xornais, as publicacións oficiais e a prensa diaria.

Estamos, pois, perante un libro imprescindible para a información sobre o que seguramente é a problemática máis urxente destes tempos de comezo de século.

Fernando Pérez-Barreiro Nolla.